















# PAROLAS nº 21

curso 2018/19





# ASÍ NOS VEMOS EN 3 ANOS-B






Neste curso estivemos aprendendo sobre o máis próximo a nós: o noso corpo e o noso nome.

Estes debuxos son un reflexo do que aprendemos.









# ASÍ NOS VEMOS EN 3 ANOS-A





O MÁIS  
SIGNIFICATIVO  
PARA NENOS E  
NENAS É  
COÑECERSE.  
NOS DEBUXOS E  
NO NOME É COMO  
O MOSTRAMOS



## BOLBORETAS E BORBOLETAS...O NOSO PATRIMONIO



*O trem maluco*

*REBOLA PAI, MÃE, FILHA,  
EU TAMBÉM SOU DA FAMILIA,  
TAMBÉM QUERO REBOLAR!*



*O pirimpimpín*

*REBOLA O PAI  
REBOLA A NAI  
REBOLA A FILLA  
EU COMO SON DA FAMILIA  
TAMÉN QUERO REBOLAR*

Nas aulas de catro anos estivemos a traballar sobre a nosa lingua: o galego. O punto de partida foron as cancións *O trem maluco* e *O pirimpimpín*, a primeira en portugués e a segunda en galego. Estas cancións teñen unha estrofa coa mesma letra e, a partir desta cuestión, naceu esta viaxe.

Unha viaxe que nos levou a buscar lugares do mundo onde se fala o portugués, lugares onde pola semellanza co galego, podemos facernos entender.



**E bo é que tiñamos lupas!**



-  PORTUGAL
-  BRASIL
-  CABO VERDE
-  ANGOLA
-  SANTO TOMÉ E PRÍNCIPE
-  GUINÉ-BISSAU
-  MOZAMBIQUE
-  TIMOR LESTE



Logo fixemos dúas coleccións de palabras en galego para ver as que son iguais –ou soan semellante-, e as que son diferentes en portugués.



BEIZOS/ LÁBIOS

LEDICIA/ ALEGRIA

LARPEIRADAS/LAMBETAS

BICO/BEIJO

TIXOLA/FRIGIDEIRA

ALAMEDA=ALAMEDA

FERRAMENTA=FERRAMENTA

AFOGAR=AFOGAR

SAPOCONCHO=SAPOCONCHO

FOCHANCA=FOCHANCA

NATUREZA=NATUREZA

REBOLA=REBOLA

BOLBORETA/BORBOLETA

AGARIMO/AGARIMO

ESTRADA=ESTRADA

ABELLA=ABELHA

CHOIVA/CHUVA

MORRIÑA=MORRINHA

RIQUIÑO=RIQUINHO

XABARÍN/JAVALI

TESOURO=TESOURO

GRAZAS/OBRIGADO

ABRAZO=ABRAÇO





AXÓUXERE/CHOCALHO

XOGAR/JOGAR

AMORODO/MORANGO

PORTA=PORTA

BOLBORETA/BORBOLETA

GRAZAS/OBRIGADO

APAMPADAS/ATONTADAS

MILLO=MILHO

FROALLO/ORVALHO

ORBALLO=ORVALHO

LUVAS=LUVAS

NENA/MENINA

XOANIÑA=JOANINHA

ROTULADORES/MARCADORES

OVELLA=OVELHA

LEDICIA/ALEGRIA

CABALEIRO=CAVALEIRO

CHAPEU=CHAPÉU

ESPANTALLO=ESPANTALHO

SALEIRO=SALEIRO

VITÓRIA, VITÓRIA CÁ ACABA A HISTÓRIA

(En Portugal rematan deste xeito os contos. Así nolo contou un día a mamá de Darío na escola e así facemos nós con este traballo)



ESTE CURSO AS NENAS E NENOS DE 5 anos ESTIVEMOS MOI LÍAD@S CO NOSO PROXECTO DA AUGA DENTRO E FÓRA DA AULA.

Desde a ANPA propuxéronnos un laboratorio da auga onde poidemos observar, experimentar e xogar con este recurso natural tan preciado e necesario para todos os seres vivos, que non sempre coidamos como debemos.



As nosas científicas, Marta González e Marta Vázquez, explicáronnos dun xeito moi visual que é e de que elementos está formada a molécula da auga; que o noso planeta está maiormente composto por auga ( $H_2O$ ), pero potábel é moi pouca en comparación ás necesidades que dela teñen os seres vivos: persoas, animais e plantas.

Quedamos abraiados co xeo seco, que pasa de sólido a gas, sen pasar polo estado líquido, formando unha burbulla xigante.





Aquí poidemos apreciar en directo o ciclo da auga. Cunha pequena lámpada facendo de sol, auga e xeo, conseguimos que chovera e nevava.

Construímos o noso patrimonio cultural con...



## PUZLES



Nos ríos Sar e Sarela hai pontes, lavadoiros, fontes, curtidurías, muíños...e tamén viven parrulos!



Que divertido é facer burbullas xigantes!

Hai animais que viven na auga que son tan pequeniños que a simple vista non os vemos e témolo que facer cun microscopio.



A auga serve para transportar persoas, animais e todo tipo de cousas; incríbel!



Observamos como a auga é capaz de subir por algúns materiais vencendo a gravidade. Isto é posible grazas a unha propiedade que ten a auga chamada capilaridade. Esta mesma propiedade é aproveitada polas plantas para levar o alimento das raíces ás follas.

Comprobamos como hai sustancias que se disolven na auga e outras non.



A auga doce é a que bebemos e hai nos ríos, a auga salgada é a do mar.



# VISITA Á POTABILIZADORA DO TAMBRE




Este é o panel de control para saber si a auga que chega ás nosas casas está ben e indícanos tamén cando hai algún problema.



Aquí está a superbomba que fai que suba a auga do Tambre para poder potabilizala e que logo chegue as nosas casas, colexios, hospitais, granxas... lista para poder usar!

## E LOGO FOMOS... A DEPURADORA DE ARÍNS



A esta planta chega a auga suxa e outros residuos das casas, colexios... a través de tuberías que van por debaixo da terra.

Pasan os residuos por filtros e logo empregan bacterias que comen a porquería que aínda queda na auga.



Non se pode tirar ningunha toallíña ao váter porque non se descompoñen, aínda que o fabricante poña que se pode.



# EXPER - I - CIENCIA CSIC Curso 2018-19

Participamos neste programa para centros de ensino realizado polo CSIC, (Consejo Superior de Investigación Científica) da man do científico e biólogo mariño Luis Sampedro.




«Somos un albatros viaxeiro, a ave máis grande do mundo».




KRILL

Os animais que máis lle impresionaron foron a balea azul, o albatros viaxeiro e o lobo de mar.



Chamoulle moito a atención a gran cantidade de vida que hai alí a pesar do espolio de que foi obxecto durante anos (caza de baleas, focas, lobos mariños...)



O biólogo de Aguiño, Luis Sampedro, participou nunha expedición científica do CSIC na Antártida no ano 2017. A súa misión era analizar a descomposición das algas na beira do mar e como lle pode afectar a este proceso os cambios de temperatura.

«A vida alí é moi fráxil porque o marxe de temperaturas é moi estreito e a variación dun par de graos ten unha importante repercusión. Así, cando colles pulgas de mar na man cócesen só co contacto, pois estas están acostumadas a vivir a temperaturas de dous graos baixo cero.



CAMPAMENTO ILLA DECEPCIÓN

A súa experiencia na Antártida permitiulle experimentar de primeira man de que xeito o cambio climático está a afectar á zona do mundo onde se atopa o 70% de auga doce que hai no noso planeta.



PULGAS

PINGÜÍN BARBIJO (CORREA)



LOBO MARIÑO



## O PÓRTICO DA GLORIA

Este curso escolar o alumnado de 1º de primaria coñecemos o Pórtico da Gloria, seguindo así a temática do proxecto do centro.

Primeiro traballamos esta gran obra do Mestre Mateo na aula. Vimos fotos, vídeos e hasta narramos coa nosa voz unha presentación en vídeo sobre o Pórtico e a Catedral de Santiago!!

Tamén fixemos un quebracabezas.



E hasta pintamos o Pórtico coas cores que máis nos gustan a cada un.

E como non....fomos visitar o Pórtico da Gloria!!

O día da excursión, primeiro visitamos o Museo das Peregrinacións. Alí puidemos ver como se visten os peregrinos doutras partes do mundo e como foi cambiando a vestimenta do peregrino que ven a Santiago.

Contáronnos unha historia sobre como se construiu a Catedral de Santiago e que nos gustou moito pois falaba dunha raíña, animais encantados, dragóns!! Foi moi divertida!!

Despóis estivemos merendendo nos soportáis do Pazo de Raxoi e tiñamos a mellores vistas!!

E por fin....chegou o momento da visita ao Pórtico da Gloria. Puidemos ver como recuperaron a súa cor, vimos a David e tamén á raíña de Saba, dos que tanto falamos na aula!!




Finalmente, e aproveitando que tiñamos que coller alí o autobús, fixémonos unha foto todos xuntos na Alameda xunto as nosas queridas Coralia e María. Qué ben o pasamos!!

# IMOS DE EXCURSIÓN



O 8 de maio os nenos de 1º e 2º fomos de excursión á Granxa de Belelle. Ao chegar as monitoras arupáronnos en oito grupos para traballar en distintos obradoiros.

Faciamos tanto barullo que as monitoras recorriron a un xogo de palabras para que prestáramos atención. Se elas dicían : - Abulué! Nós tiñamos que responder : Iepa! Repetíase tres veces e nós dicíamos : - Iepa. iepa, iepa!!! e quedabamos caladiños.



Nun vaso de plástico transparente mesturamos unha mancha de sal con colorante e colonia. Fabricamos así unhas coloridas sales aromáticas.

Umm! Que ben arrecendían!!!





Fixemos un bolo de pan riquísimo!



Con auga, fariña, lévedo e un pouco de sal ,  
e coas mans na masa convertémonos en  
panadeiros.

Amasa a masa



Listos para meter no forno.

Pasámolo pipa con Pipa!

Fixemos de xinetes e amazonas dando un pequeno rodeo montados en Pipa. Poidemos acariñala, abrazala, cepillala e darlle de comer. Era tan boa!!!



Chegou a hora de xantar. Compartimos mesa os nenos de 1º e 2º nunha cabana.  
Comimos con moito apetito a comida que levamos da casa.



Un dos obradoiros consistía en ver todos os animais que había na granxa: llama, porcos vietnamitas, macacos xaponeses, avestruces, cabalos, burros, cabras, galiñas, coellos, cobaias, pavos reais, pavos, gatiños, patos, pombas, ovellas negras e brancas, ocas, ñandú, a vaca Shakira e o dromedario Pipo.  
Poidemos darlle de comer e tocalos.



Máis de un levou un bo susto co dromedario Pipo.

## HORTO ESCOLAR

O alumnado de terceiro A e B fomos ao horto. O día 1 de abril fomos ao horto por primeira vez neste curso. Despois do recreo veu a miña avoa a darnos unha explicación das plantas.



Trouxo unhas sementes de chícharos e máis de cabazas para que observalas e plantalas.



O mellor foi ir ao horto: usamos ferramentas, quitamos as malas herbas, aplanamos a terra entre todos e regamos. Iso si que foi divertido! Miña avoa regounos a todos!



Para rematar fixemos uns regos co sachos e puxemos os chicharos. As cabazas imos plantalas primeiro na clase e cando nazan levarémolas ao horto. Agora todos os días temos que regar para que medren.



Gustoume moito este traballo.

Pedro Moure

# Excursión a Buño



O dous de abril fomos a Buño, na Coruña. Estivemos nunha casa que agora é un museo. Alí traballaban moitos alfareiros. No piso baixo do museo había moitas pezas, unha delas era un xogo de cunca e pratos feitos de barro.

Ensináronnos moitas habitacións, nelas había moitos cadros relixiosos, camas vellas e lavabos antigos. Tamén vimos os fornos onde cocían os obxectos que facían, e o lugar onde os poñían a secar. Cando estaban secos os pintaban de cores. A nós deixáronnos facer no obradoiro que estaba no xardín distintas pezas: cuncas, tazas, serpes, xarróns, etc. que trouxemos ao colexio para pintar na clase de plástica.

# O noso horto

## Plantas aromáticas



Este curso plantamos no noso horto distintas especies de plantas aromáticas e algunhas ornamentais, como gladíolos, liliums, flores de lis e calas.

**Tomioño** (*Thymus vulgaris*). Arbusto da familia das Labiadas moi abundante en zonas mediterráneas. Ten flores de cor rosa. Utilízase como planta aromática, medicinal e ornamental. As infusións de tomioño son moi boas para as vías respiratorias e tamén melloran problemas dixestivos coma os gases e poden eliminar parásitos intestinais coma as lombrigas.

**Menta:** O seu nome científico é *mentha*. Utilízase para combatir cólicos, náuseas e incluso controlar vómitos. Cultívase en hortos e en xardíns. A orixe desta planta é europea.

**Perexil:** o seu nome científico é *Petroselinum crispum*. O perexil úsase como condimento nas nosas cociñas. É un ingrediente necesario non solo polo seu sabor senón que é un potente preventivo de moitas enfermidades. Cultívase por todo o mundo, preferentemente en solos húmidos

**Romeo:** o seu nome científico é *Rosmarinus Officinalis*. Ven da familia Lamiaceae. O seu hábitat natural é a rexión mediterránea. O romeo é unha planta de fácil cultivo que non necesita gran cantidade de auga. Ademais utilízase para tratar moitos problemas dixestivos, o sobre peso ou a caída de pelo. Tamén as flores do romeo son usadas como un remedio natural para



## O PRÍNCIPE XOAN

Había unha vez un reino onde vivía un rei chamado Xurxo que o único que facía era contar os cartos que tiña e unha raíña que se chamaba Clara que só lía libros. Eles tiñan un fillo chamado Xoan. El estaba moi preocupado polo reino porque aos seus pais non lles importaba. Así que un día Xoan lles dixo que xa era hora de preocuparse polo pobo e, por suposto, polo castelo, porque a xente estíbese quedando pobre xa que o rei subía sempre os impostos e o castelo estíbese desmoronando porque os aldeáns lle tiraban pedras. Seus pais estiveron dacordo. O rei baixou os impostos e os aldeáns deixaron de tirar pedras e gracias a Xoan o rei e a raíña preocupáronse do reino.

Laura Varela Ulla. 4º C.







## O CASTELO ESTOXO

Había unha vez un estoxo vermello e negro con tres cremalleiras. No estoxo había unha porta na parte de diante. Podíase entrar ao castelo. Nel vivían uns habitantes que eran: un morcegos, arañas, bechos... e máis animais. Os morcegos roubáronlle a comida ás arañas e lle botaron a súa tea aos morcegos e non podían voar e os morcegos cos seus cabeiros romperon a tea. Entón as arañas reveláronse. Os morcegos peleáronse. Pero un día o morcego máis sabio dixo: Por qué nos peleamos si podemos comer bechos? Todos estaban de acordo, comeron os bechos e fixeron as paces.

Martín Maceiras Moreira. 4ºC.



## O VELLO MISTERIOSO

Fai moitos anos, nas aforas de Lugo, alí vivía un rei moi rico e famoso. Pasaba o tempo, solo, comendo o que lle preparaban as máquinas que compraba. El, só quería alguén que lle acompañara. Unha mañá, el estaba paseando polos seus xardíns e de pronto soa o timbre, abre e era un señor moi vello. Díxolle que escoitara o que dixerá o día anterior e que lle ía axudar. Esa noite soñou que o sempre era un demo, e quería botalo da cidade. Ao día seguinte chamaron á porta e era o vello. Díxolle que viviría con el toda a súa vida. O rei viviu feliz co vello señor.

Estefanía Teijeiro Vaamonde.



## O NOSO PATRIMONIO: OS CASTELOS


O Proxecto Documental coordinado pola biblioteca escolar este curso é “O noso patrimonio”.

O Patrimonio é o conxunto de bens naturais ou culturais que herdamos dos nosos antepasados e que nos permiten coñecer mellor a nosa historia.

Dentro destes bens, o alumnado de 4º fixámonos nos **castelos**.

Un castelo (diminutivo de *castro*) é un tipo de fortificación medieval, xeralmente construído en zonas elevadas próximas ás vías de comunicación.

Nos castelos vivían:




**O rei** que podía ter varios castelos.

**O señor** era o dono do Castelo e defendíao dos inimigos.

**O cabaleiro** era un guerreiro que estaba ao servizo do seu señor e defendíao nas batallas e nos asaltos ao castelo.

O **bispo**: moitos bispos tiñan o seu propio exército.


Tamén había **monxes, soldados, comerciantes, artesáns, trovadores e campesinos**.



## CASTELO DE SOUTOMAIOR

Un dos castelos galegos mellor conservados é o castelo de Soutomaior, situado no concello de Soutomaior, na rúa do Rial, na provincia de Pontevedra.

Construíuno a familia de Soutomaior, encima dun monte, no século XII, para defender os terreos próximos.



No século XV, a xente das vilas cansa das inxustizas e dos abusos de bispos e señores, levántanse contra eles provocando a *Revolta Irmandiña*, na que derrubaron decenas de castelos, tamén o de Soutomaior. O seu señor, Pedro Madruga, derrotou aos Irmandiños e reconstruíu o castelo.

No século XVIII, o marqués de Mos, converte o castelo nun palacio.

No século XIX o marqués da Vega de Armijo manda construír a capela, a Galería das Damas ,o parque e os xardíns. Despois pasou á súa sobriña María Vinyals, escritora e gran defensora dos dereitos das mulleres.

Finalmente, en 1982, foi adquirido pola Deputación Provincial de Pontevedra e restaurado para fins culturais.



## CASTELO DA ROCHA FORTE



Outro castelo galego moi importante, e de aquí de Santiago de Compostela, é o castelo da Rocha Forte.

Está situado ás aforas de Compostela nun val, xunto ao río Sar e ao rego do Vilar.

Tiña unha función residencial, administrativa e de almacén. Os gardas do castelo cobraban

os tributos das mercadorías e dos produtos do campo que chegaban á cidade.

No ano 1328, o arcebispo Berenguel de Landoira chegou para tomar o control de Compostela. A cidade levantouse en armas contra el e este refuxiouse no Castelo da Rocha. Despois de varios meses de conflito, unha representación de burgueses de Compostela acuden á Rocha para negociar, pero son executados. O arcebispo reforzou o Castelo facendo que alcanzara una época de máximo esplendor, ata ser considerado o maior e máis importante de Galicia.



A mediados do século XV, os continuos abusos dos señores e o cobro excesivo de impostos provocou que os Irmandiños destruíran totalmente o Castelo e nunca máis foi reconstruído.

Desde o ano 2001 tiveron lugar unha serie de escavacións para recuperar o xacemento.

*Alumnado de 4º de EP*

## AS NOSAS PLANTAS

Antes de traballar no horto á nosa clase ,4º B, tocounos investigar sobre dous tipos de plantas : as **calas** e o **lilium**, coñecido tamén como **azucena** e **martagón**.



O xénero **LILIUM** atópase tanto en Europa como en América do Norte e Asia. As cores principais son o branco ,alaranxado, rosado ,purpúreo e amarelo, ademais das distintas tonalidades e combinacións de todos eles. As azucenas adoitan florecer a partir da primavera (maio no Hemisferio Norte), acadando no pleno verán o seu maior esplendor,e durando ata finais do verán.

A azucena cultívase moito para flor cortada . Manteñen o seu frescor e a súa fragancia durante moito tempo.Tamén pode ser usada como planta de macetero. É unha planta bulbosa que acadada certa altura (1m).

Unha vez plantada, hai que procurar que a terra se manteña fresca e que o sol somente lle de ás flores.

A época de plantación depende da variedade, algunhas plántanse no outono,aínda que a maioría plántanse na primavera a uns 10 ou 15 cm de profundidade e a unha distancia de 15 cm e e deben regarse dúas veces por semana . Os bulbos enterrados reproducense.



**CALAS** , tamén coñecidas como **lirio de auga**, **alcatraz** ,**aro de Etiopía** ou **cartucho** procede dos pantanos do sur de Africa. É unha planta herbácea perenne . Pode acadar o metro e medio de altura. É moi cultivada para ser utilizada como flor cortada.

As especies de floración precoz florecen entre febreiro e maio, mentres as especies de floración tardía florecen entre marzo e outubro.

Deben plantarse a uns 10 cm de profundidade e a unha distancia duns 15cm entre elas. Necesitan solos fertis e húmidos.

## Escolares de Fontiñas piden melloras para as persoas con diversidade funcional nun pleno infantil.

**A sesión, promovida por Down Compostela, celebrouse no Concello de Santiago.**

Co gallo da celebración do Día Mundial da Síndrome de Down, o mércores 30 de marzo, a clase de 5º A trasladámonos ao concello para celebrar un pleno infantil organizado por Down Compostela e o Concello de Santiago.

Fomos andando desde o centro educativo ata a Praza do Obradoiro. Cando chegamos ao Pazo de Rajoy, leváronnos á sala de plenos e ocupamos os espazos destinados aos concelleiros e concelleiras, que están colocados en forma de U.

Mentres esperabamos, na sala oíanse comentarios como “- De maior quero ser político!” ou “- Vaia lámpadas tan xigantes!!, ...como lle caian a alguén na cabeza ...” Ata houbo algún comentario negativo: “ - A ver cando ven o alcalde, que xa tarda!”

Para preparar o pleno, Cristina, traballadora de Down Compostela estivo con nós na clase dándonos unha pequena charla e tirándonos da lingua. Así reflexionamos sobre as dificultades das persoas con discapacidade e nós propuxemos medidas para mellorar a súa calidade de vida. Así foi como saíron as propostas que nós fixemos na sesión e que trataban tres ideas importantes: a accesibilidade na cidade, a igualdade de oportunidades e a escola inclusiva.

Cada un de nós aportou as súas ideas ao alcalde e ás concelleiras para facilitarlles a vida na cidade ás persoas con limitacións e acadar así un mundo máis igualitario e sen discriminacións.

Despois dun momento de espera, entraron concelleiras e concelleiros representando os diferentes grupos con presenza no Concello. Un pouco máis tarde chegou o Alcalde, Martiño Noriega, que sentou na cadeira presidencial. Á súa dereita estaba Antía Losada, como primeira tenente de alcalde, e á esquerda Silvia exercendo de segunda tenente. Con todo preparado por fin, comezamos o Pleno.

As ideas que nós propuxemos eran fascinantes e agora o alcalde dispón de máis ideas valiosas para poder cambiar Santiago. A sesión rematou cun gran aplauso de todas as persoas presentes.

Foi unha experiencia que nos encantou, pois sentar nas cadeiras dos concelleiros e falar con megafonía fíxonos sentir persoas importantes.

Despois do pleno, Concha, a concelleira de Diversidade, amosounos outras salas da mesma planta. Na sala verde, había concelleiros preparando un pleno e na sala vermella todo estaba disposto para a celebración dunha voda.

Acceder ao balcón da fachada do concello foi unha sensación magnífica.



Que vistas de toda a praza do obradoiro coa fachada da catedral restaurada!

Antes de marchar, agasalláronnos cunhas camisetas algo grandechas da mesma cor que a bandeira de Santiago e un libro titulado “Aventura no Camiño de Santiago”, que presenta varias historias en formato de cómic. Serafín propúxonos que reserváramos o libro para facer lectura na clase, pero a maioría non nos puidemos resistir e xa o lemos dun tirón ao chegar á casa.

Cando rematamos, regresamos andando ao colexio. De camiño, paramos no parque de Bonaval.

Quitando a canseira do camiño de volta, pasámolo moi ben e será un recordo fermoso para toda a vida.

**Escolares de 5ºA**

Gustoume estar neste cole. Lembro sobre todo a festa que lle fixemos a Merche cando fomos para 5º.

- Mencía Fernández

Tiven a Merche de profesora, foi marabilloso!

- Javier Feijoo

... Fixen moitas amizades dende infantil. E por último un gran profe como Héctor.

- Manu Vázquez

Gustoume moito estar neste centro, tanto polos compañeiros como o profesorado.. Lembro a Merche

- Agustín Landín

## AO LONGO DESTES ANOS...

Lembro o día que viñemos a ver o colexio de Primaria coas profes de Infantil, estaba moi contenta e á vez moi nerviosa

- Beatriz Amado

O que máis me gustaba era cando estabamos en infantil e xogabamos no recreo

- Martín Maceira

Aprendín moitas cousas pero sobre todo coñecín a xente que pagou a pena

- Zaira Jiménez



... Fixen as mellores amigas que xamais imaxinei.

- Nerea Mata

...Paseino moi ben ao longo destes anos e fixen moitos amigos

- Roi Santiago

... Paseino xenial xogando, divertíndome e facendo amigos neste colexio.

- Juan Suárez

... Teño bos recordos pero... Sempre con moitos deberes!

- Alberto Otero

... Aprendín que temos moitos compañeiros pero moi poucos amigos de verdade.

- Eva Rey

... vivín as miñas mellores experiencias como persoa neste colexio. Teño gran recordo de Mª Carmen e Héctor.

- Quique Ferreruela

... Aprendín a valorar de verdade aos meus compañeiros e compañeiras.

- Daniela Viqueira

... Aprendín moito cos meus compañeiros e amigos.

- Fátima E. Akasbi

Lembro cando cheguei a este colexio en cuarto, todos os compañeiros e profesores acolléronme con moito agarimo. Recordo a Merche con moito cariño

- Lena Picos

Lembro o primeiro compañeiro que me falou, foi Martín.

- Adrián Varela

Lembro o paso de Infantil a Primaria. Todos os amigos que fixen e as profes: Conhi, Merche e Trini.

- Alexis E. Galeano

Lembro con moito agarimo os profes Xabier, Merche e Conchi.

- Hugo Vázquez

## CONTINUAMOS LEMBRANDO...

Paseino moi ben ao longo destes anos. Grazasa todos os profes/as, aprendín moito!

- Andrea Y. Doúeihí

Recordarei as excursións como a Baiona, Lugo... Tamén a Merche e a Teresa

- Sabela Lens

Recordo a primeira vez que entrei no cole, estaba nervioso pero sentínme acollido

- Roí Yun Mougán

Grazas ao CEIP das Fontiñas por todos os momentos inolvidables e as profes de 4º, 5º e 6º.

- Carlota Constela

A medida que ía avanzando nos cursos fun aprendendo cousas novas e coñecendo a profes e compañeiros novos.

- Adrián González

Lembro como moito agarimo a miña primeira excursión ao Domus en A Coruña

- Carmen Calviño

Tiven boas e malas experiencias, de todas aprendín. A mellor foi cando en infantil fomos visitar o edificio de primaria

- Xiana Fraga

A miña mellor experiencia foi cando fomos a Baiona, foi inesquecible!

- Elías Pérez



Coñecín a moitos amigos, pero o meu peor pesadelo era ter que erguerme ás 8:00 am.

- Antonio Camacho

Lembro cando estábamos en infantil e íamos á árbore dos ricos froitos a comelos no recreo

- Candela Blanco

O mellor foron as persoas que coñecín. Tamén me gustaron os festivais.

- Manuel Barja

Aprendín moitas cousas pero o que nunca esqueceré serán as persoas tan boas e amables que coñecín, profesores, compañeiros...

- Carla Davila

Deste colexio levo momento inesquecibles. Desde os tres anos ata 6º tiven profes e compañeiros maravillosos. Grazas!

- Mencia García

... Coñecín a moitos amigos pero sobre todo... saquei máis ou menos uns corenta e sete 10 en exames.

- Ian Sánchez

... Pasei momentos que nunca esqueceréi ao longo da miña vida.

- Clara Zolli

... Fixen moitísimos amigos para toda a vida e divertínme un montón.

- Rubén Losada

... O máis importante de todos estes anos é que disfrutei con todos os meus compañeiros.

- Aitana Toledo

... O mellor destes anos foi coñecer as miñas amigas, a xente tan amable e aprender tanto cos meus profes.

- Lucía Núñez

... Fixen moitos amigos e aprendín as leccións da vida máis importantes.

- Sergio Sande

... A miña mellor experiencia foi coñecer a todos os meus amigos e a chegada do noso profe Héctor.

- Lolita Jiménez



... descubrín a grandes amigos, en especial o mellor, Manu. E o mellor profe Héctor.

- Xoan Raviña

... Os maravillosos amigos e amigas que fixen ao longo de todos estes anos no cole.

- Julia Provincial

... Vivín moitísimas aventuras pero o mellor de todo foron os amigos/as que fixen. Un recordo para M<sup>a</sup> Carmen e Héctor.

- Mara Pena

... Estou moi agradecido do trato de todos os profes e dos meus compañeiros

- Ian Torres

... A miña mellor experiencia foron todas as carreiras de fin de curso.

- María Pérez

... Fixen os meus mellores amigos e paseino xenial con eles. Un recordo para M<sup>a</sup> Carmen e Héctor.

- Daniel Vieito

... coñecer as amigas que teño coas que compartín momentos maravillosos.

- Uxía Veiga

... Fixen moitas amigas coas que o pasei xenial e rinme moitísimo con elas. Un saúdo para Isolina, M<sup>a</sup> Carmen e Héctor.

- Carme Otero

... Fixen moitas amigas coas que compartín momentos inesquecibles.

- Dulce Rosillo



# Deste xeito chegamos



*Queridos alumnos e alumnas:*

*Fai nada entrabades neste cole, algúns con cara de susto, outros con cara de máis susto aínda. E nembargantes xa chegou o momento de despedirvos. Foron anos que compartimos, intensos, cheos de aprendizaxes, de ilusións, de traballo, de risas, de emocións... Estamos contentos porque rematades esta etapa e comeza unha nova andaina, pero pola contra, estamos moi tristes, apenados por ter que vos despedir.*

*Fomos uns titores e titoras moi diversos, cada un coas súas calidades, mais queremos que recordedes todo o que vivimos xuntos: as risas, as apertas, o cariño, os bicos, o apoio, a comprensión... que un anaquiño de vós quedará sempre no noso corazón, e que si vós aprendestes de nós, tamén nós aprendemos moitísimo de vós: dos vosos medos, da vosa alegría, da vosa tenrura, da vosa inxenuidade, da vosa inocencia, da vosa beleza, da vosa tenacidade, do voso esforzo, compañeirismo...*

***Canto medrastes! Canto aprendestes! E canto vos queda por medrar e aprender!***



O **Samaín** é unha antiga tradición na que os Celtas despedíanse do verán para darlle a benvinda ao outono, coa fin da tempada de colleitas. Unha festa na que, ademais, abríase a porta entre o mundo dos vivos e dos mortos.

Na escola, a **finais de outubro** o celebramos decorando os corredores con



**teas de araña, monstros morcegos, meigas e pantasma.**

Pero máis terrorífico é o noso "**Libro dos Medos**", feito coas tarxetas que o alumnado elaborou para a exposición "O meu medo é..." e que xa podedes ollar na biblioteca.


Coma todos os anos, non podía faltar a **exposición de cabzas decoradas.**

## O DIA DE ROSALÍA

Con motivo de homenaxear o nacemento desta importantísima figura da nosa literatura o **día 24 de febreiro** celebramos **o día de Rosalía** con varias actividades entre as que destacamos:



## O SAMAIÍN



- ❖ A elaboración dun **cubo xiratorio**. Nas súas caras colocáronse os traballos realizados polo alumnado:
  - imaxe debuxada de Rosalía
  - copia/escrita de versos da autora
  - obra da autora (algúns libros)
  - biografía ilustrada con fotos
- ❖ Un **Photocall** colocando a túa cara no lugar no que ía a de Rosalía e podéndose converter nela por un instante máxico, a túa cara, o seu cabelo, a súa vestimenta... á medida dos grandes e dos máis pequenos



🌟 **Día Mundial da Poesía**, celebrado cada ano o **21 de marzo**, conmemora unha das formas máis prezadas de expresión. Este recurso sírvenos para fomentar a expresividade e a sensibilidade artística, de xeito que enriquece o vocabulario no noso alumnado.

Cada ano o Equipo de Dinamización da Lingua Galega e o Equipo da Biblioteca traballan da man para dinamizar esta conmemoración lembrando os nosos poetas, revivindo tradicións orais, promovendo a lectura, a escrita, e ademais converxendo a poesía coa expresión artística.



Este ano dinamizamos o centro con **tendais poemarios** e unha **galiña azul que ofrece a palabra galega máis fermosa**, e enchemos a nosa escola de **“palabras bonitas en pitiños”** e **“poemas tendidos”** todo o alumnado escribiu en diferentes prendas de vestir palabras, versos e poemas que eles mesmos escolleron e finalmente colgamos en tendais nas aulas e nos corredores.



## O DÍA DO LIBRO E O DÍA DO LIBRO INFANTIL



O **día 2 de abril**, desde 1967, celébrase o **Día Internacional do Libro Infantil**, nacemento do escritor danés Hans Christian Andersen, co fin de fomentar a lectura entre os máis pequenos e promocionar os bos libros infantís e xuvenís.

Desde 1930, o **23 de abril** celébrase o **Día Internacional do Libro**, morte de Cervantes e de William Shakespeare (mesma data do 1616). Celebramos a cultura e os libros en todo o mundo, grazas principalmente a estes dous autores mundialmente coñecidos.

No noso centro para conmemorar estas datas (na quincena cultural) organizamos actividades como:

✓ **Padriños e madriñas de lectura** (alumnado maior le contos aos de menor idade).



✓ O **Mercatroco de libros por Fontiños**, no que o alumnado, por idades e logo de recibir o pago pola entrega previa dos seus libros en **Billetes de 1 Fontiño** (moeda oficial na honra de Antonio Fraguas), dirixiuse aos postos de venda no que puideron mercar novos e diferentes libros.



# ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

**AUTOR AO QUE SE DEDICA O DIA DAS LETRAS GALEGAS, 17 DE MAIO DE 2019**

**Antonio Fraguas Fraguas**, naceu en Insuela, na parroquia de Santiago de Loureiro (Concello de Cotobade), o 28 de decembro de 1905. Foi fillo de Manuel Fraguas Rodríguez, un canteiro que emigrou a Brasil pouco antes do seu nacemento, e de Teresa Fraguas Vázquez. De pequeno, foi á escola pública de Costa – Cotobade. Cando o seu pai volveu de América en 1912, casou coa nai e o recoñeceu como fillo.



En 1918 os pais tiñan decidido volver migrar xuntos ao Brasil e que Antonio chegase a ser maquinista de tren, oficio que lle ía aprender un curmán do pai. Refusaron da idea pola intervención dun mestre que tiña escola en Famelga (Augasantas) na que o rapaz ingresou, e que vía no neno capacidades para facer maxisterio.

Faleceu en Santiago de Compostela o 5 de novembro de 1999 (93 anos) cidade na que está soterrado. Na súa traxectoria foi un destacado historiador, etnógrafo, antropólogo e xeógrafo galeguista.

## Traxectoria, organizacións e cargos



A súa *biografía* é un percorrido por boa parte da **historia galega do século XX**. De 1919-1924 estudou o bacharelato en Pontevedra, onde empezou a xermolar o seu interese pola cultura galega da man de docentes ilustres Alfredo de la Iglesia, Castelao e especialmente Antonio Losada Diéguez, que o dirixiu ao galeguismo.

Respecto da súa participación e ou fundación de diferentes organizacións destacan:

- Cofundador en Pontevedra da **Sociedade da Lingua** (1923), co obxectivo de loitar na defensa do galego e elaborar un dicionario, que non chegou a saír á luz.
- Estuda Filosofía e Letras na Universidade de Santiago de (1924-licenciase 1928)
- Ingresa nas **Irmandades da Fala**, presididas por Vicente Risco.
- Colabora co **Seminario de Estudos Galegos** (dirección de ilustres galeguistas, seccións de Xeografía, Etnografía e Folclore e Prehistoria, faise membro en 1928). Cunha bolsa de ampliación de estudos: cataloga castros, estuda a xeografía histórica de Galicia, como etnógrafo fai estudos do Entroido e como bibliotecario participou no **Museo Etnográfico do Seminario**.
- Inicio na docencia como profesor auxiliar na Facultade de Xeografía e Historia de Santiago. (1929-1933).  
Profesor do instituto da Estrada (1933 - guerra civil). Activista en prol do Estatuto de 1936 e logo do 18-xullo sufriu represión pasando a ser catedrático de ensino secundario depurado, dedicándose ao ensino privado. En 1950, recuperou a cátedra de instituto e a continuación doutorouse (Madrid).
- Catedrático de ensino secundario en Lugo, actual IES Lucus Augusti (1950-1956).
- Docente e cargos directivos no IES Rosalía de Castro de Santiago (1959-75 xubilación)

- Colabora creación do **Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento (1944)**, destacando nas seccións de Etnografía e Folclore.
- Nomeado membro da **Real Academia Galega (1951)** ocupando a cadeira que deixara Castelao e presidente en funcións durante uns meses de 1997.
- Bibliotecario da **Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago (1955)**.
- Director do Museo Municipal de Santiago (1963, Fundación), actual **Museo do Pobo Galego (1975)**, do que pasou a ser director e presidente deste 1989.
- Coorganizador da **exposición sobre o traxe galego** no Instituto Padre Sarmiento.
- Coordinador da sección de Antropoloxía cultural do **Consello da Cultura Galega (1983)** e promotor, membro numerario e bibliotecario da **Real Academia Galega de Ciencias**, Real Academia de la Historia, Associação dos Arqueólogos Portugueses.
- Nomeado **cronista xeral de Galicia** polo Consello da Xunta de Galicia (1992)
- En 1994 dooulle ao museo a súa **biblioteca particular** (uns 20000 volumes).






Recoñecemento de "Alma mater" nas universidades de Santiago de C. e Madrid.

Dedicouse ao estudo da cultura e do territorio galegos desde distintos eidos, con especial atención e mestría á antropoloxía.

## OBRA PUBLICADA

Os seus estudos versaron sobre cultura popular, xeografía, arqueoloxía, historia e arte. Fraguas escribiu varios libros, entradas da Gran Enciclopedia Galega Silverio Cañada, numerosos artigos de divulgación en xornais e revistas - especializados ou non-, colaboracións en publicacións conxuntas con outras personalidades da etnografía galega, recensións, conferencias, catálogos de

exposicións, pregóns e programas de festa. Algunhas das súas obras son:



## PREMIOS E RECOÑECIMENTOS DESTACADOS

- Recoñecemento de Pontevedrés do ano (1973)
- Recoñecemento co Pedrón de Ouro, a Insignia de Ouro do Museo do Pobo Galego e a Medalla Castelao da Xunta (1984)
- O Premio Trasalba da fundación Otero Pedraio (1985)
- Fillo adoptivo de Santiago de Compostela (1989)
- Premio Otero Pedraio das deputacións provinciais (1992)
- Premio das Artes e das Letras de Galicia (1995).
- Premio San Martiño de normalización lingüística do Concello da Estrada (1996)
- Creación da Fundación Antonio Fraguas no Museo do Pobo Galego, clasificada como de interese cultural e declarada de interese galego (logo da súa morte)
- Convocatoria "Certame de artesanía Antonio Fraguas Fraguas" Deputación Coruña

En diferentes cidades existen rúas ou prazas co seu nome e mesmo o IES Antón Fraguas en Santiago de Compostela.

O día 07-07-2018 a **Real Academia Galega**, decidiu, en pleno, que sería o *escritor homenaxeado o Día das Letras Galegas do ano 2019* (vixésimo aniversario do seu falecemento).

Catedral de Santiago

2 de outubro de 2018

Queridos mestres e mestras, alumnado e persoal do centro:

O noso cole está de 25 aniversario. Acabamos de enterarnos que hai unha comisión formada por representantes das familias, ANPA e profesorado.

Teñen pensado facer un montón de interesantes actividades para celebralo. Desfrutaremos con música, repintaremos o mural do pavillón, teremos charlas, grabaremos vídeos...

Pinta moi ben este curso!!!

www.correos.es • 902 197 197



Comunidade Educativa do 2043-44

Ceip de Fontiñas


Rúa de Roma, 15

Santiago de Compostela. 15707.

A Coruña. España.



0837565017507



Catedral de Santiago

8 de abril de 2019

Queridos mestres e mestras, alumnado e persoal do centro:

Hoxe estivemos celebrando o día do pobo xitano, alegría e moito baile.

www.correos.es • 902 197 197



Comunidade Educativa do 2043-44

Ceip de Fontiñas



www.elcaminoconcorreos.com



0837565017507

Catedral de Santiago

30 de abril do 2019

Queridos mestres e mestras, alumnado e persoal do centro:  
Hoxe tivemos a gran sorte de disfrutar da música de dous estupendos grupos, Brassica Rappa e De Ninghures, da que forman parte dous exalumnos do cole!

www.correos.es ● 902 197 197



Comunidade Educativa do



Catedral de Santiago

25 de Maio do 2019

Queridos mestres e mestras, alumnado e persoal do centro:  
En maio tivemos moita actividade. O xoves, 5 de maio, visitounos o que foi alcalde de Santiago no ano que se construíu o colexio... e a finais de mes estivemos pintando o patio e disfrutando de máis música.

www.correos.es ● 902 197 197



Comunidade Educativa do 2043-44

Ceip de Fontiñas

Rúa de Roma, 15

Santiago de Compostela. 15707.

A Coruña. España.



Catedral de Santiago

Xoves, 20 de maio de 2019

Queridos mestres e mestras, alumnado e persoal do centro:  
Coa música de *Regreso al futuro* de fondo estivemos todos xuntos gardando nun pequeno cofre todas as cousas que queremos compartir convosco: vídeos, cartas, pensamentos, debuxos, traballos... Agardamos que vos gusten!!

www.correos.es ● 902 197 197



Rúa de Roma,

Santiago de Co

A Coruña. Espa



# NACEMENTO DUN COLEXIO NAS FONTIÑAS


## 1. A xestación.

1974

O Instituto Nacional de Urbanización redacta o Plan Parcial do Polígono das Fontiñas.

Febreiro de 1984

A Xunta de Galicia aprobou o decreto de expropiación forzosa de terreos no novo polígono para a construción dun **centro de EXB**, con capacidade para 640 prazas; dous de BUP, con capacidade para 980 e 960 prazas e un centro de xordomudos.



1985


O Plan Parcial do Polígono das Fontiñas é aprobado definitivamente para paliar as necesidades de vivenda da cidade. Esta zona residencial que se proxectaba crear tiña capacidade para aloxar ao redor dun 15 % da poboación total do municipio.

Así, nun conxunto de hortas situadas nos arrabaldes de Santiago expropiáronse os terreos necesarios para levar a cabo as imprescindibles modificacións na rede viaria e no saneamento da cidade que permitirán establecer unha nova estrutura urbana con bloques residenciais e zonas verdes.

1990

Comezaron a levantarse os primeiros bloques de vivendas, xunto co axardinamento das zonas verdes complementarias e a construción do *Parque de Carlomagno*. Nace así un novo barrio residencial de Santiago de Compostela: **Fontiñas**.





## 2. O nacemento.


**Sábado, 4 de setembro de 1993**

As obras do Colexio de Fontiñas están moi avanzadas. O novo centro escolar só está pendente dos últimos retoques consistentes no axardinamento dos seus espazos verdes e a realización do peche das súas instalacións. Prevese que comece a funcionar o día 15 dese mes.

### Martes, 14 de setembro de 1993

Aflora o descontento no barrio de Fontiñas pola demora na construción do colexio. Moitas familias do polígono quíxanse de que non recibiron información sobre a apertura do novo centro e mesmo temen que se demore o inicio do curso. Os afectados consideran inadmisibile que aínda non se coñeza oficialmente a listaxe de escolares admitidos e que ata o día 13 non comezase a chegar o mobiliario. A CIG mesmo denuncia que a estas alturas as unidades escolares do colexio aínda se atopan sen profesor.

IES Antonio Fraguas



CEIP das Fontiñas:  
edificio E. Infantil

### Mércores, 15 de setembro de 1993

A Consellería de Educación anuncia pola prensa que se atrasa a apertura do novo colexio de Fontiñas e culpa do aprazamento ao concello por non cumprir coa colaboración necesaria na instalación do mobiliario no novo centro escolar.

### Xoves, 16 de setembro de 1993

Todo está disposto para que os arredor de trescentos escolares matriculados comencen as clases no novo centro do polígono de Fontiñas, distribuídos en seis unidades de E. Infantil, seis de E. Primaria e catro de EXB.

**Hoxe o Colexio Público de Fontiñas bota a andar!!**



### **Martes, 21 de setembro de 1993**

O presidente da Xunta de Galicia, D. Manuel Fraga Iribarne, inaugurou oficialmente o colexio de Fontiñas. Durante o acto, Fraga afirma que a apertura do colexio público de EXB de Fontiñas supón «*unha mellora na infraestrutura da rede escolar dunha cidade en expansión como é Santiago*».

### **Xoves, 7 de outubro de 1993**

Pola tarde desenvólvese a **primeira sesión do Claustro** do profesorado, coa asistencia dos vinte docentes adscritos provisionalmente ao colexio. O profesor de Relixión non se incorporaría ata o día 11 do mesmo mes (luns). O equipo docente adscribiuse aos seguintes departamentos: Normalización Lingüística, Matemáticas-Ciencias, Ciencias Sociais, Lingua e Dinámica-Plástica-Artística.

Os días non lectivos solicitados na localidade son o 7 de decembro e o 17 de febreiro, mércores de cinza.

O día destinado a entrevistas coas familias será os mércores ás 17:30 horas.

### **O martes, 13 de outubro**

Publícase a decisión da comisión municipal de goberno de adquirir unha **central de alarmas** para o colexio público do polígono de Fontiñas, cun orzamento de 420.704 pesetas.

### **O xoves, 14 de outubro**


Ás 8:30 da tarde celebrouse no salón de usos múltiples a **primeira reunión da APA** (*Asociación de Pais de Alumnos*) para tratar os seus estatutos.

### **O mércores, 29 de xuño de 1994**

O Claustro reúnese en sesión ordinaria para facer **balance do traballo realizado** ao longo do primeiro curso:

- Maniféstase un sentir xeral do gran esforzo que se precisou para poñer en marcha o colexio.
- Recoñéceselle a dona M<sup>a</sup> Eugenia F. M. o seu empeño na posta en marcha da biblioteca escolar, na que quedan rexistrados 904 libros.
- Valórase positivamente a publicación do primeiro xornal escolar, coordinado por dona Aránzazu V. H. e elaborado por escolares de 7<sup>o</sup> e 8<sup>o</sup> con achegas de todos os ciclos.
- Valoráronse moi positivamente o cambio de actitude ao longo do curso dun alumnado de moi variada procedencia, o nivel moi baixo de absentismo escolar e a nula conflictividade disciplinaria.
- Destacouse a pouca asistencia das familias ás reunións.
- Houbo acordo unánime no equipo docente á hora de valorar positivamente o labor desempeñado polo Conserxe, don Manuel G. B. (Manolo), louvando o seu celo, interese e trato coa comunidade educativa.
- Recoñécese o bo facer da Directora, dona M<sup>a</sup> Adela F. M. e acórdase solicitar a súa continuidade.
- Tamén se acorda solicitar un profesor de apoio e a concesión dun proxecto de formación do profesorado en centros docentes co título “*A atención á diversidade no proxecto educativo de centro - Adaptación curricular*”.

1956-57



2014



Parque de Carlomagno



2010